



Ferrol, 26 de febreiro de 2018

### **“A nosa misión en conversión”**

Estimado compañeiro e irmán:

Novamente me poño en contacto contigo co desexo de que te encontres ben e con desexos de vivir máis intensamente este tempo de gracia do Señor que é a Coresma.

O motivo é informarte das actividades máis inmediatas que temos previstas na nosa Diocese e que nos afecta a todos, particularmente ós sacerdotes.

Esta é a axenda:


Mes de marzo		Actividades
1, xoves,	12:30 hs.	Solemnidade de San Rosendo Eucaristía na Catedral de Mondoñedo
9, venres,	de 14 a 20 hs.	Participación nas “24 horas para o Señor” nas Esclavas de Ferrol
10, sábado	10:30 hs.	“Festa da Misericordia” e “24 horas para o Señor”, en Mondoñedo
12, luns	10:30 hs.	Retiro de Coresma dirixido polo Bispo no Seminario de Mondoñedo
13, martes	10:30 hs.	Retiro de Coresma dirixido polo Bispo no Asilo de Vilalba
14, mércores	10:30 hs.	Retiro de Coresma dirixido polo Bispo na parroquia de Caranza - Ferrol
27, martes	11:00 hs.	“Misa Crismal” na Catedral de Mondoñedo (os que pensedes xantar no Seminario avisade con antelación ó tfno. 982 521 000)
Mes de maio		
10, xoves	10.30 hs.	San Xoán de Ávila no Seminario. Vodas sacerdotais de prata (D. Antonio Valín V.), ouro (D. Gonzalo Folgueira Fdez., D. Francisco Gómez G <sup>a</sup> e D. José Luis G <sup>a</sup> de Benito) e diamante (D. Serafin Rguez. G <sup>a</sup> e Luis G <sup>a</sup> Lamas)
17, xoves	todo o día	Peregrinación diocesana a Covadonga (organizan os arciprestados)

Outras informacións:

- O 19 de marzo, luns, *Solemnidade de San Xosé*, é día laborable e lectivo pero de precepto, polo que desde as parroquias facilitarase no posible a participación na eucaristía dese día.
- O 5 de abril comeza en Roma o *Curso de actualización sacerdotal*. Os interesados en participar que se poñan en contacto con esta delegación.
- O 27 de maio, domingo, ás 6 da tarde, terán lugar as *Confirmacións de adultos* na Catedral de Mondoñedo. Presidirá o noso Bispo e hai que avisar previamente ó delegado de catecumenado e catequese e coordinarse en cada arciprestado.

Adxúntoche con esta carta **un tema de reflexión** que ofrecemos ás parroquias e comunidades nesta Coresma con motivo do Plan diocesano de Pastoral.

Sen outra cousa polo de agora, recibe unha aperta de irmán.

  
Antonio Rodríguez Basanta